

# CONCRECIÓN CURRICULAR



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

## ÍNDICE

1. Introducción
2. Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro
3. A contribución á adquisición das competencias
4. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar elementos transversais
5. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía
6. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos
7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias
8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores
9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso
10. Os criterios xerais para a avaliación e a promoción
11. Os criterios xerais do outorgamento de mencións honoríficas
12. As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas
13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas
14. Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

## **1. INTRODUCCIÓN**

A Concreción Curricular é o marco que establece o Claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

A Concreción Curricular do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro está realizada polo Equipo Directivo, revisada na Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobada polo Claustro de profesorado en data 15 de decembro de 2022.

## **2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO**

### **ETAPA DE INFANTIL**

Os obxectivos xerais de etapa de educación infantil, tal e como se recollen no currículo de EI, son:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Todos estes obxectivos teñen que alcanzarse cando o noso alumnado remate a escolarización no 2º ciclo de educación infantil. Para elo contamos cos recursos da nosa contorna, centro e aula. En base a eles programamos e organizamos as actividades precisas para conseguilos, inculcando nos nenos e nenas hábitos, rutinas e normas que lles van a axudar na adquisición de autonomía. Partimos sempre do xogo como ferramenta por excelencia de aprendizaxe nestas idades. Tendo en conta a distribución dos espazos e do tempo (planificando e anticipando) para favorecer a súa consecución e sobre todo primando a individualidade de cada neno e nena e tendo en conta as súas características e necesidades. Cada espazo, cada recanto debe ter unha función, e así distribuímos as nosas aulas buscando que o alumnado se sinta a gusto, lles dea confianza e autonomía, e estea adaptada a todas as nenas e nenos, e que deste xeito sexa sempre unha aula inclusiva.

Dispoñemos dunha contorna rica: parque do Carboeiro, o parque do Refuxio, os ríos (Tambre, Carboeiro...), un tramo do Camiño Inglés... aos cales podemos acudir para recollida de elementos naturais, para coñecer a flora e a fauna. É unha contorna rica en recursos naturais. O noso municipio ten zona rural, zona urbanizada e son tomadas como punto de partida, punto de referencia á hora de programar. Aproveitamos o patrimonio cultural do entorno así como a experiencia das avoas, os coñecementos das familias que nos axudan nas diferentes propostas. Son colaboradoras, participativas (enviando fotos, compartindo material para o traballo dos proxectos que se estean investigando nas aulas, colaborando en actividades que levamos a cabo no centro: magosto, Entroido...).

O noso centro está aberto á comunidade educativa con espazos amplos e verdes, temos natureza: o horto, árbores, ... Os patios fomentan a autonomía, a igualdade, a inclusión, coñecerse a un mesmo e aos demais, permite compartir. Contamos cunha biblioteca de centro como unha gran fonte de recursos, que nos permite investigar ademais de gozar da lectura, e dende este curso temos un espazo de lectura no corredor para os recreos, para fomentar o gusto pola lectura, compartir lecturas entre nenos e nenas de diferentes idades...

Dispoñemos dun salón de actos como un espazo que invita á dramatización, dunha aula de música na cal se traballa o movemento, actividades rítmicas...

As nosas aulas son amplas, con luz natural, luminosas, teñen baños dentro o cal axuda á autonomía do noso alumnado.

Están dotadas de materiais que permiten adaptarse ás diferencias individuais, a diferentes aprendizaxes. Estes materias en ocasións son polivantes, e dependendo da potencialidade, do momento en que os usemos podemos traballar diferentes aprendizaxes de lóxica-matemática, de linguaxe. No referente á iniciación nas habilidades lóxico-matemáticas partimos das matemáticas útiles para a vida, as plantexamos como resolución de problemas do día a día, problemas de reparto (de material, xogos, tarefas), que os podemos trasladar á vida real (reparto de comida, de utensilios na mesa), en todo momento buscamos que sexan competenciais no eido de que as utilicen e trasladen á vida diaria e fóra das aulas, que non vexan un número e pensen que é unha imaxe, senón que saiban identificalo e empregalo no contexto (no supermercado pode ser o prezo, nun coche é a matrícula, nunha etiqueta pode ser a talla).

Para ter esa visión práctica deseñamos propostas reais e adaptadas a materiais que temos na aula, potenciando a igualdade de xénero.

Sempre tendo o xogo como base de aprendizaxe a todos os niveis de lóxica-matemática, de linguaxe, de vocabulario, a través de diferentes propostas en recantos, individuais, favorecendo a confianza nun mesmo, a inclusión, relación cos iguais, igualdade, resolución de conflitos. A asemblea, tan importante nestas idades e facemos diariamente nas nosas aula, é un espazo de traballo de linguaxe oral, da cal facemos uso para unha resolución pacífica de conflitos.

Nos diferentes proxectos de investigación que se van a levar a cabo nas aulas ao longo dos tres cursos traballaremos aspectos culturais, deste xeito coñecemos artistas (músicos, pintores, escritores...) a poder ser galegos, e aprendemos sobre as diferentes profesións e todo elo dende a igualdade e o respecto. Tamén facemos uso das diferentes linguaxes: oral, musical, corporal..., e das diferentes habilidades: de pensamento, de investigación, sociais...

O coñecemento do corpo aínda que se fai no día a día, trabállase dunha maneira máis específica nas diferentes actividades que levan a cabo na aula de psicomotricidade, que conta cun amplo espazo para desenvolver actividades motrices, traballar o seu propio corpo, as emocións en ocasións, sempre fomentando a igualdade.

As diferentes conmemoracións que se recollen no calendario escolar sérvennos para desenvolver as capacidades emocionais, normas sociais... fomentando sempre a igualdade entre nenos e nenas (25N, Día da muller, Día da infancia, Día da Paz...).

Nas nosas aulas temos alumnado moi diverso, diferentes nacionalidades o cal favorece o enriquecemento cultural, coñecendo outras culturas, outros modos de vida, outras comidas, ... sempre dende o respecto, pois toda esta variedade enriquece.

## **ETAPA DE PRIMARIA**

Todos os obxectivos de etapa han de ser acadados ao remate da Educación Primaria, máis algúns deles serán tratados de maneira especial no noso centro dadas as súas características e traxectoria. A continuación relacionamos por grupos os obxectivos da etapa de Primaria contemplados no actual currículo (Decreto 155/2022), vinculándoos coas particularidades específicas do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro. Os obxectivos a), c), d), m) e ñ) son tratados especificamente no noso centro a través de diversas accións:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas con empatía, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

*Cada curso desenvolvemos ou participamos en programas de mellora da convivencia: actividades de igualdade, de emocións, de resolución de conflitos, de violencia de xénero, de acoso escolar, de discapacidade, de pluralismo, de ciberseguridade... Contamos no centro con algúns nenos/as de diferentes culturas o que aproveitamos para eliminar prexuizados e incentivar unha apertura de mente do alumnado a outros modos de ver a vida. Tratamos de promover o diálogo e o respecto polas ideas dos demais en debates e coloquios, de respectar as normas de convivencia no centro e na súa vida cotiá ( quenda de palabra na aula, andar amodo polos corredores, coidar e manter limpas as instalación...)*

O obxectivo b) ten un tratamento especial no colexio:

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

*Dende hai moitos anos participamos no Programa PROA no que entre outras cousas se promoven hábitos de traballo, de esforzo e responsabilidade, técnicas para o incremento da autoestima e da aprendizaxe. Mediante outras actividades como a horta e a venta dos seus produtos desenvolvemos o espírito emprendedor no alumnado máis grande.*

Os obxectivos e) e f) son de especial interese no noso centro que se incorporou o plurilingüístico desde o principio.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

*Cada curso desenvolvemos proxectos de mellora da competencia lingüística en galego, castelán e inglés. Estamos no Plan de Mellora de Biblioteca dende os seus comezos dinamizando curso tras curso este espazo e promovendo hábitos*

*de lectura. Facemos teatro e organizamos concursos de creación literaria.*

*Somos centro plurilingüe, a materia de plástica impártese en inglés, contamos cun auxiliar de conversa e mantemos intercambios con colexios estranxeiros por escrito ou videoconferencia. Ademais introducimos a lingua francesa en sexto.*

Os obxectivos g), h), i) e j) teñen unha relevancia específica no noso colexio:

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

*Somos un centro e-Dixgal e creamos a que denominamos Aula STEAM na que desenvolvemos actividades das liñas da ciencia, tecnoloxía, artística e matemática. Participamos, dende hai varios cursos, nalgún plan de mellora da competencia matemática, científica e tecnolóxica. O alumnado de 4º participa no programa CookMat de aplicación das matemáticas á vida cotiá, traballando con materiais do entorno como alimentos. Contamos con club de ciencia no que o alumnado leva a cabo experimentos relacionados co currículo e desenvolvemos algún proxecto no que iniciamos ao alumnado na robótica. Estamos no programa Voz Natura, o alumnado realiza a miúdo actividades de mellora do medio ambiente (reciclaxe de pilas, papel..., recollida de plásticos, recollida de desperdicios para composteira...)*

Tamén o obxectivo k) é dunha consideración especial:

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

*Cada curso promovemos unha alimentación sa . No recreo o alumnado dispón de froita para o seu consumo libre, e en certas ocasións tamén contan con leite. Co traballo na horta e invernadoiro promovemos o consumo de produtos naturais*



*e ecolóxicos. Por outra banda no comedor escolar potenciamos o consumo de verduras, legumes, peixe... No recreo promovemos a actividade física e participamos no programa de atletismo de campo a través.*

Por último os obxectivos i) e n) están presentes no día a día de maneira transversal:

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

*Na aula lévanse a cabo numerosas actividades para impulsar o respecto polo entorno e concretamente polos animais así mesmo dedícanse certas sesións á educación viaria.*

### **3. A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS**

A vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída, saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e dos obxectivos previstos na LOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave recollidas no perfil de saída, que son as seguintes:

CCL: competencia en comunicación lingüística.

CP: competencia plurilingüe.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD: competencia dixital.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC: competencia cidadá.

CE: competencia emprendedora.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

### **CCL: competencia en comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

### **CP: competencia plurilingüe**

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o

caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

*Dende o centro promovemos numerosas actividades tendentes á adquisición das dúas competencias anteriores. Entre elas destacamos:*

- *Centro plurilingüe coa materia de plástica en inglés*
- *Realización de traballos de dinamización da lingua galega: creación de textos, contacontos, lecturas, recitado...*
- *Estamos no PLAMBE dende os seus inicios, tentamos dinamizar a biblioteca e crear novas actividades ligadas a este espazo: mochila viaxeira, club de lectura...*
- *Auxiliar de conversa con tempo de dedicación a conversación real.*
- *Participación en programas de intercambio nacional ou internacional como e-twinning, con videoconferencias con outras comunidades e países.*
- *Taller de teatro, durante os recreos*
- *Contrato Programa coa liña da mellora da competencia lingüística*

### **STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría**

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos. A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

### **CD: competencia dixital**

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

*No CEIP Plurilingüe de Sigüeiro apoiamos e participamos en programas tendentes á adquisición das dúas competencias anteriores, tal e como o demanda a sociedade actual. Destacamos os seguintes:*

- *Somos centro e-Dixgal, o alumnado de 5º e 6º de Primaria traballa con ordenador portátil*
- *Participamos en proxectos de robótica*
- *Participamos no Club de Ciencia*
- *Dentro dos Contratos Programa promovemos a liña da mellora da competencia científica e dixital*
- *Contamos cunha aula STEAM*

### **CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender**

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á

incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio

### **CC: competencia cidadá**

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

*Para acadar as dúas competencias anteriores participamos en programas e actividades de mellora da convivencia. Promovemos talleres de igualdade, de traballo das emocións, da autoestima... Nas aulas trabállase a educación cívica a través de coloquios e charlas, lecturas, vídeos, películas... Participamos nas charlas da garda civil do Plan Director sobre Igualdade de xénero, acoso escolar e ciberseguridade. Ademais celebramos datas como o 25 de novembro Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, 10 de decembro Día dos Dereitos Humanos, 30 de xaneiro Día Escolar da Non Violencia e a Paz (Día da Paz) ou 8 de marzo Día Internacional da Muller.*

### **CE: competencia emprendedora**

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e

oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

*No centro participamos en programas que nos ofrecen as administración e que favorezan o emprendemento. No colexio contamos co proxecto HORTOCOL, que naceu da participación no programa da Consellería EduEmprende. Mediante este proxecto o alumnado crea a súa propia empresa de horta que deberá manter con todas as súas variables: traballando en equipo, sin utilizar abonos químicos, obtendo bo produto, recolléndoo en tempo e vendéndoo ás familias. Nas aulas desenvólvense outras actividades que promoven o emprendemento.*

### **CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais**

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

*Xa desde a etapa de Infantil se abordan proxectos sobre outras culturas: Azteca, Maia, Exipcia... Ao longo da Primaria promóvese en multitude de actividades o respecto polos pensamentos e ideas diferentes e polas diversas manifestacións culturais. Ademais aproveitamos o contar con alumnado procedente doutros países ou comunidades para interesarse pola súa cultura e debater os pros e*

*contras, sempre desde o respecto, de diferentes costumes arraigados aos seus lugares de procedencia.*

#### **4. OS CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, *a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento* traballarémolo en todas as áreas.

De igual modo, desde todas as áreas promoverase *a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.*

Así mesmo, coa axuda do Departamento de Orientación, *prestaremos especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.*

Do mesmo xeito, tanto nas aulas como a través de actividades concretas, promoverase a aprendizaxe da *prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.*

*Evitaremos os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.* Así mesmo, empregaremos unha *linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista*, nos termos establecidos legalmente.

Así mesmo promoveremos a participación do alumnado en actividades que permitan *afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.*

## **5. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA**

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante a realización de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Primará o traballo por proxectos promovendo a creatividade, o emprendemento e o esforzo. Así, co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, cada titoría dedicará un tempo semanal á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Os proxectos ou problemas de traballo desenvolveranse en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto, ter tempos e espazos de protagonismo, así como obter o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolva a actividade. Nas actividades que se leven a cabo introduciranse as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de documentación e comunicación que permitan ao alumnado almacenar, organizar, transferir e presentar o traballo. Estimularase a axuda mutua e o traballo colaborativo co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deseñaremos actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo: traballos promovidos polo Equipo de Biblioteca e polo Equipo de Dinamización da Lingua, traballos promovidos polos Ciclos e participación en Programas da Consellería...

Por outra banda non podemos esquecer que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, será de especial



relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Coa finalidade de fomentar o hábito lector e o dominio da lectura, así como o da comunicación, dedicaremos polo menos 30 minutos diarios á lectura e práctica da oratoria. Para facilitar esta práctica, contaremos en ocasións coa colaboración das familias ou persoas titoras legais .

Como centro plurilingüe que somos impartiremos de xeito integrado o currículo das tres linguas; galego, castelán e inglés (tamén francés en 6º de Primaria); co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

Por outra banda, na acción educativa teremos en conta o seguinte:

- Procuraremos a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado
- Teremos en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe
- Favoreceremos a capacidade de aprender por si mesmo
- Fomentaremos o traballo colaborativo e en equipo
- Potenciaremos a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

A metodoloxía empregada ha de favorecer que se integren na vida cotiá do alumnado, o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional; contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. Na aula crearemos un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións. Poñeráse énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en

práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

## **6. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

A selección de materiais e recursos didácticos lévase a cabo principalmente nos diferentes ciclos, equipos, niveis e mesmo titorías.

A nivel xeral utilizaremos materiais e recursos que dean resposta efectiva aos nosos plantexamentos de intervención educativa e ao modelo didáctico que pretendemos levar á práctica. Para a súa elección teremos en conta:

- Criterios pedagóxicos
- Criterios de cantidade, calidade e simplicidade da información que neles se recolle tendo en conta o destinatario final dos mesmos e as súas idades.
- Os contidos e capacidades que promoven, as competencias que se poñen en acción, a posibilidade de seguir investigando gracias á complementación de información ou fontes de referencia que brinda, ademais da atención á diversidade a través dunha ampla batería de actividades.

En Educación Infantil traballamos por proxectos sen utilizar libros de texto, tampouco se utilizan no 3º ciclo de Primaria por estar dentro do programa e-Dixgal sendo o ordenador portátil o medio fundamental de traballo. No 1º e 2º ciclo de Primaria si empregamos os libros de texto como un instrumento de traballo.

Para a selección dos Libros de Texto atenderemos a:

- Coherencia co Proxecto Educativo
- Que cubran os obxectivos do currículo
- Que os contidos sexan acordes cos obxectivos e sexan axeitados ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado
- Que a disposición dos elementos nas páxinas sexa clara e ben diferenciada.
- Que o aspecto xeral do libro resulte agradable e atractivo para o alumnado.

- Que presenten materiais complementarios que faciliten o desenvolvemento do proceso docente
- Que presenten actividades de reforzo e de ampliación
- Que teñan unha progresión axeitada
- Que a cantidade de actividades sexa suficiente (nin pobre nin excesiva)
- Que facilite a memorización comprensiva mediante unha axeitada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
- Que contribúan á adquisición das Competencias Clave.
- Que faciliten e/ou permitan liberdade para traballar diferentes metodoloxías.

Para o emprego doutros materiais e recursos impresos teremos en conta que:

- Partan dos coñecementos previos dos alumnos/as
- Aseguren a realización de aprendizaxes significativas
- Esperten a motivación cara o estudo e a aprendizaxe
- Permitan a atención á diversidade
- Conten coa suficientemente información gráfica mediante esquemas, táboas, gráficos, mapas, debuxos, viñetas, fotografías etc.

Á hora de elixir os materiais para o alumnado, tanto sexan Materiais Manipulativos, Materiais Audiovisuais e Tecnolóxicos ou calquera outro tipo teremos en conta estes criterios:

- Que estean adaptados ás Normas de Seguridade Europeas
- Que integren aspectos lúdicos e educativos
- Que as informacións sexan exactas, actuais, cientificamente rigorosas e se expresen con claridade.
- Que a linguaxe e a imaxe estean adaptados ao nivel e aporten ampliacións ás aprendizaxes
- Que sexan seguros
- Que no sexan discriminatorios e permitan un uso comunitario dos mesmos
- Que non degraden o medio ambiente
- Que sexan de baixo coste para crear hábitos de aforro
- Que sexan apropiados aos alumnos/as aos que van dirixidos
- Que sexan atractivos e resistentes e duradeiros
- Que favorezan o desenvolvemento das diversas capacidades

## **7. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Teñen carácter de complementarias aquelas actividades que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

O profesorado, coa coordinación do equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Establecemos unha serie criterios para a selección e elección destas actividades, tendo sempre como primicia a contribución á adquisición das competencias clave:

- Coherencia da saída ou actividade co desenvolvemento curricular. A coherencia entre o deseño das actividades complementarias e extraescolares e a programación didáctica é fundamental para poder garantir a funcionalidade e a efectividade nas aprendizaxes que realiza o alumnado. Teremos en conta unha serie de requisitos como:
  - o A motivación
  - o A adecuación aos obxectivos e contidos programados para a secuencia didáctica traballada
  - o O grao de conexión co obxecto de estudo
  - o Posible plantexamento como unha situación problema a solucionar
  - o Favorecer a integración de contidos
  - o Potenciar o traballo cooperativo
- Dar relevancia ás saídas ao entorno para permitir ao alumnado investigar e descubrir a realidade tal e como é, á vez que lle proporcionamos os escenarios nos que exercitar os esquemas de actuación xa aprendidos.
- Recuperar algunhas tradicións da zona. Coñecer o noso entorno máis próximo, a cultura e as tradicións é un obxectivo que alcanzamos na medida en que interpretamos, analizamos e representamos os nosos

propios costumes e a nosa historia. Cremos necesario o estudo do noso pasado para entender o noso presente e construír o futuro.

- Propiciar a cooperación entre ciclos, promovendo medidas organizativas que favorezan as relacións, permitan o desenvolvemento de actividades que fomentan a aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento de dinámicas grupais variadas.
- Estar abertos a propostas externas que poñan o énfase nos desenvolvemento do currículo. Cada curso escolar aumentan as propostas de actividades organizadas por organismos e institucións públicas ou privadas. A oferta é excesiva polo que o equipo docente deberá ter en conta a relación das actividades propostas coas programacións didácticas e a funcionalidade en relación coas aprendizaxes que está levando a cabo o alumnado así como co grao de contribución á adquisición das competencias.
- Favorecer a convivencia escolar. Un obxectivo fundamental neste tipo de actividades é favorecer as relacións de convivencia e o respecto tanto entre o alumnado como con outras persoas ben sexan da comunidade educativa ou de entornas diferentes ao seu. Así mesmo promoverán valores de tolerancia, igualdade, xustiza, liberdade...

Algunhas das actividades complementarias que se levan a cabo cada curso son:

- 20 de novembro: Día Universal da Infancia
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- 24 de xaneiro: Día Internacional da Educación
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz
- 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
- Do 6 ao 10 de marzo: Semana da Prensa
- 1 de abril: Día das Artes Galegas

- 7 de abril: Día Mundial da Saúde
- Do 17 ao 21 de abril: Semana do Libro
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar
- 9 de maio: Día de Europa
- Do 15 ao 19 de maio: Semana das Letras Galegas
- 5 de xuño: Día Mundial do Ambiente
- Algunha das celebracións internacionais para traballar a diversidade sexual e a identidade de xénero
- Samaín e Magosto
- Nadal
- Antroido
- Festa Fin de Curso

#### **8. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES**

O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.

O profesorado con alumnado que teña materias pendentes deberá levar a cabo un programa de reforzo conforme aos criterios establecidos no punto 9.

#### **9. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO**

De conformidade co establecido no Decreto *155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso, e esta permanencia considerárase unha medida de carácter excepcional que se adoptará, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfacemento curricular ou as dificultades de aprendizaxe advertidas. Só se poderá aplicar unha vez na etapa e deberá ir acompañada dun plan específico

de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes, con medidas organizativas e metodolóxicas baseadas no Deseño Universal da aprendizaxe e deseñando actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.

Así, atendendo ao disposto na Orde do 8 de setembro de 2021 os plans específicos de reforzo deberán incluír alo menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Os pais, nais, ou as persoas titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción, colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## 10. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN

A avaliación e a promoción baséase principalmente na consecución dos obxectivos e na adquisición das competencias. A finalidade da avaliación é a de detectar as dificultades, averiguar as súas causas e adoptar medidas. Será un instrumento para a mellora dos procesos de ensino – aprendizaxe.

A avaliación ha de ser criterial, continua, global, formativa, integradora, diferenciada e obxectiva.

Para a avaliación terase en conta o seguinte:

- Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa serán os criterios de avaliación de cada materia.
- Debe facerse mediante a observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe en relación cos criterios de avaliación e o grao de desenvolvemento das competencias específicas. Polo tanto, trátase dunha avaliación continua (e non sumativa) que ten como referentes os criterios e as competencias específicas.
- Debe facerse con diferentes instrumentos de avaliación axustados aos criterios de avaliación e ás características específicas do alumnado. É dicir, os instrumentos de avaliación deben ser variados (non vale só o exame), deben aterse a medir os criterios e tamén deben personalizarse ao noso alumnado.
- Estableceranse indicadores de logro dos criterios de avaliación con graos de desempeño (insuficiente, suficiente, ben, notable e sobresaínte). Os indicadores reflexarán os procesos cognitivos e os contextos de aplicación.
- Todos os criterios deben contribuír na mesma medida ao grao de desenvolvemento da competencia específica e terán o mesmo valor. Polo tanto non será posible ponderalos: todos terán o mesmo valor para a súa competencia específica correspondente.
- Cando un alumno/a non progrese axeitadamente, estableceranse medidas de reforzo inmediatamente se detecte esta circunstancia.



- O equipo docente avaliará ao alumnado de forma colexiada ao final do curso. Así mesmo o profesorado tamén avaliará a súa práctica docente.
- No cuarto curso de educación primaria, realizarase unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa.

Respecto á promoción terase en conta o seguinte:

- As decisións sobre a promoción do alumnado tomaranse de forma colexiada. Como referencia terase en conta o criterio do titor e a información que proporcione o resto de docentes implicados.
- A decisión da promoción tomarase ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º. Promociónase automaticamente en 1º, 3º y 5º.
- Á hora da toma de decisións sobre a promoción o criterio non é o número de materias suspensas senón o nivel de adquisición das competencias clave e obxectivos de ciclo.
- Se, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a forma máis axeitada para atender as dificultades na aprendizaxe, e favorecer así o seu correcto progreso, prepararase un plan específico de apoio, para que nese curso sí alcance as competencias correspondentes.
- A repetición de nivel é unha opción moi excepcional, que só pode darse unha vez en toda a Primaria, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal.
- Ao finalizar o curso, os titores de segundo e cuarto nivel emitirán un informe sobre o grao de adquisición das competencias por parte do alumnado e no seu caso as medidas de reforzo que deben empregarse. Así mesmo, ao final de Primaria, os titores elaborarán, para cada neno un informe sobre as competencias alcanzadas e a evolución da aprendizaxe. Se se trata de alumnos/as con necesidades específicas de apoio, no informe incluíranse as medidas adoptadas así

como os seus resultados, para que estas continúen na seguinte etapa educativa.

Os criterios de promoción establécense da seguinte maneira:

Un alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que

- Se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- O equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

## **11. OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS**

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

## **12. AS DECISIÓNS E OS CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

A programación didáctica desenvolverá o currículo de cada unha das áreas ou ámbitos, seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

A programación didáctica incluírá os seguintes elementos:

- a) Introducción
- b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización
- d) Metodoloxía
  - Concrecións metodolóxicas
  - Materiais e recursos didácticos

e) Avaliación

- Procedemento para a avaliación inicial
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación

f) Medidas de atención á diversidade

g) Transversal

- Concreción dos elementos transversais
- Actividades complementarias

h) Práctica docente

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

### **13. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS**

A Unión Europea establece como prioridade estratéxica para a vindeira década mellorar a calidade, a equidade, a inclusión e o éxito para todos/as na educación e a formación.

Na sociedade da información e do coñecemento a escola ten que buscar fórmulas que lle permitan rachar co memorismo e coa repetición sistemática e potenciar a capacidade de relacionar feitos, fenómenos, cousas e sucesos, así como a responsabilidade, a convivencia, a tolerancia e a cooperación. A función da escola reconvértese: non só se trata de ensinar contidos que poden quedar obsoletos en breve, senón de dotar o alumnado de ferramentas que lle permitan seguir aprendendo por si. Tampouco se trata de manter unha organización curricular esmigallada, sen conexión coa realidade, senón de abrir as portas ao coñecemento exterior, ás preguntas e problemas de fóra da escola, aos xeitos de relacionarse adecuadamente cunha inxente cantidade de información interpretándoa e valorándoa eficazmente.

Se a educación debe centrarse no alumnado, hai que aproximala o máis posible á súa realidade para que lle sexa funcional e significativa. Debemos poñer máis o acento en como se aprende que en que se aprende. A aprendizaxe non pode concibirse xa, exclusivamente, en termos de coñecemento; o alumnado ten que aprender tamén a relacionarse, a respectar, a ser responsable, a compartir e a convivir. Estes aspectos indicados fan imprescindible, para traballar co alumnado na sociedade actual, a participación en proxectos, plans ou programas que favorezan a adquisición das competencias clave. En definitiva, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades e, xa que logo, contribuír á mellora da calidade da educación.

Á hora de participar en proxectos, plans ou programas partiremos das necesidades específicas do centro en xeral, tendo en conta a toda a comunidade educativa; familias, profesorado e alumnado. Para iso é preciso a elaboración previa dunha análise DAFO para descubrir as debilidades e fortalezas, ameazas e oportunidades. A partires de aí teremos en conta certos aspectos:

- Que sexan interdisciplinares e fomenten o papel activo do alumnado ante os desafíos sociais, económicos e medioambientais da sociedade actual e do futuro.
- Que promovan a innovación na adquisición das competencias clave, o afondamento nas aprendizaxes nun ámbito de coñecemento segundo os intereses do alumnado, o aproveitamento do talento potencial dos nenos/as, o fomento dos hábitos de vida saudables, a educación ambiental e a mellora da xestión educativa e administrativa dos centros.
- Que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.
- Que incidan na mellora das competencias clave e máis concretamente na Comunicación lingüística, competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría, e competencia dixital.
- Que atendan aos intereses do alumnado, ofrecéndolle respostas personalizadas para avanzar na súa aprendizaxe e mellorar o nivel de coñecementos do alumnado participante, para desenvolver ao máximo o

seu talento e potencial de aprendizaxe, así como elevar os niveis de excelencia.

- Que impulsen a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñados a construír unha sociedade futura próspera e sostible ambientalmente.
- Que favorezan a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social e fracaso escolar.
- Que potencien medidas organizativas e metodolóxicas nos centros que favorezan a evolución do alumnado.
- Que promovan un clima de seguridade, respecto e confianza no contexto escolar
- Que impliquen ás familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Que procuren a colaboración da administración local e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación.

#### **14. O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR**

A revisión da Concreción Curricular levarase a cabo no primeiro trimestre de cada curso, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Farase unha análise da mesma para adaptala ás novas circunstancias ou necesidades. A partires dese estudo introduciranse as modificacións oportunas.

Aprobada en Claustro o día 15 de novembro de 2022